



XUÑO  
2021



## Unidade Pastoral de Os Cotos

Publicado o 1/06/2021 para todo o verán  
(ou ata que as autoridades dispoñan outra cousa)

**Aínda que xa boa parte das persoas**

**estean vacinadas, na parroquia, temos que:**

- PARROQUIA DE A LAXE - AFORO MÁXIMO 20 PERSOAS
- PARROQUIA DE VERDUCIDO - AFORO MÁXIMO 45 PERSOAS
- PARROQUIA DE ESTACAS - AFORO MÁXIMO 40 PERSOAS
- PARROQUIA DE VENTÍN - AFORO MÁXIMO 25 PERSOAS
- PARROQUIA DE FORNELOS - AFORO MÁXIMO 70 PERSOAS
- PARROQUIA DE SAN VICENTE DE OITAVÉN - AFORO MÁXIMO 30 PERSOAS
- PARROQUIA DE TRASPIELAS - AFORO MÁXIMO 30 PERSOAS
- PARROQUIA DE XUNQUEIRAS - AFORO MÁXIMO 25 PERSOAS
- PARROQUIA DE SAN MOSCOSO - AFORO MÁXIMO 30 PERSOAS
- PARROQUIA DE CALVOS - AFORO MÁXIMO 35 PERSOAS

- Distancia mínima de 1'5 metros entre as persoas
- Uso de mascariña obrigatorio para todas as persoas
- Uso obrigatorio de xeles hidroalcohólicos no templo
- Usar só os asentos nos espazos sinalados, lembrando que na igrexa son sempre asentos individuais, polo tanto non se ten en conta a convivencia)
- Hai que evitar en todo momento as agrupacións nos accesos e no adro do templo.
- Haberá que ter tarefas de desinfección se o intervalo entre misas é inferior a tres días
- **As festas non son excepción, polo que procuraremos ter en vez de novena ter tres celebracións repartidas nos nove días. E na festa só se poderá ter un día misa.**
- **Non está permitido ningún tipo de culto relixioso no exterior do templo, polo tanto non haberá procesións.**
- **Non está permitido tocar as imaxes.**
- **Poderán poñerse algunhas flores, pero terán que ser ramos xa feitos, e coordinados coa comisión de festas e os párrocos para evitar cantidades desmedidas.**

**Gustaríanos que fora doutra maneira  
pero por responsabilidade teremos que facer así. Grazas**

## "Un contiño para vivir"

### A FLOR

Cóntase que hai moitos anos na China, un príncipe da rexión norte do país estaba por ser coroado emperador, pero de acordo coa lei, el debía casar. Sabendo isto, decidiu facer unha competencia entre as raparigas da corte para ver quen sería digna da súa proposta. Ao día seguinte, o príncipe anunciou que recibiría nunha audiencia especial a todas as pretendentes e prantexaría un desafío.

Unha anciá que servía no pazo facía moitos anos, escoitou os comentarios sobre os preparativos e sentiu pena porque sabía que a súa neta tiña un sentimento profundo de amor polo príncipe. Ao chegar á casa e contar os feitos, asombrouse ao saber que ela quería ir á celebración. Sen poder crelo preguntoulle: - Miña neta, que vas facer alá? Todas as raparigas máis belas e ricas da corte estarán alí. Saca esa idea da cabeza, sei que debes estar a sufrir, e non quero que tolees.

A filla respondeulle: - Non, querida avoa, non estou a sufrir e tampouco estou tola. Eu sei que xamais serei escollida, pero é a miña oportunidade de estar polo menos algúns momentos preto do príncipe. Iso farame feliz.

Alí estaban todas as raparigas. Entón, finalmente, o príncipe anunciou o desafío: "Darei a cada unha de vostedes unha semente. Aquela que me traia a flor máis bela dentro de seis meses, será escollida para ser a futura emperatriz de China".

A proposta do príncipe seguía as tradicións daquel pobo, que valoraba moito a especialidade de cultivar algo, sexan costumes, amizades, relacións... O tempo pasou e a moza, como non tiña moita habilidade nas artes da xardinería, coidaba con moita paciencia e tenrura da súa semente. Pero pasaron tres meses e nada brotou. Día tras día vía máis lonxe o seu soño, pero o seu amor era máis profundo. Por fin, pasaron os seis meses e nada brotara. Consciente do seu esforzo e dedicación a rapariga comunicoulle á súa avoa que, sen importar as circunstancias, ela regresaría ao pazo na data e hora acordadas só para estar preto do príncipe por uns momentos.

Na hora sinalada estaba alí, co seu vaso baleiro. Todas as outras pretendentes tiñan unha flor, cada unha máis bela que a outra. Ela estaba admirada. Nunca vira unha escena tan bela. Finalmente, chegou o momento esperado e o príncipe observou a cada unha das pretendentes con moito coidado e atención. Despois de pasar por todas, unha a unha, anunciou o seu resultado. Aquela bela moza co seu vaso baleiro sería a súa futura esposa. Todos os presentes tiveron as máis inesperadas reaccións. Ninguén entendía por que el escollera xustamente a aquela que non cultivara nada. Entón, con calma o príncipe explicou: *"Esta foi a única que cultivou a flor que a fixo digna de converterse en emperatriz: a flor da honestidade. Todas as sementes que entreguei eran estériles"*.

$$\text{Alicates} + \text{Martelo} + \text{Serra} = 10$$

$$\text{Alicates} + \text{Axe} = \text{Serra} + \text{Serra}$$

$$\text{Martelo} + \text{Serra} = \text{Axe}$$

$$\text{Martelo} + \text{Alicates} = \text{Serra}$$

$$\text{Serra} = ? \quad \text{Martelo} = ?$$

**ATOPA O VALOR  
DO MARTELO  
E DA SERRA**

## SANT O/a PARA O MES en xuño, o día 29, Pedro

Nome de orixe latina "Petra" que significa "pedra, rocha". A forma aramea é Kefas.

Pedro, primeiramente chamado Simón, foi apóstolo de Xesús e está considerado coma o primeiro papa da igrexa (curiosamente ninguén outro papa volveu escoller este nome). Foi martirizado por crucifixión entre os anos 54 e 67. Foi Tertuliano o primeiro que deu noticia do seu martirio, que segundo Oríxenes foi cabeza abaixo, pola súa propia vontade. O lugar onde foi martirizado é onde hoxe se atopa a súa basílica, no Vaticano.

É o patrón de moitos concellos e cidades, e é tamén patrón dos panadeiros, os construtores de pontes, os pescadores, os albaneis, os carniceros, os navegantes, os cerralleiros, os segadores, os carpinteiros, os zapateiros e os reloxeiros.

# CONSELLO



**Pode ser que para o mundo,  
ti non sexas máis que alguén,  
pero quizais teñas a sorte de ser ti  
o mundo enteiro para alguén.**

# COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



## Días importantes no mes de xuño



Aínda que todos os días son importantes, vamos falar de algúns de eles.



### 5 de Xuño Día Mundial do Medio Ambiente

Instituíuse co obxectivo de contribuír a concienciar sobre a necesidade de protexer e mellorar o medio ambiente.

Cousas a facer: Plantar unha arbore. Coñecer os animais en perigo de extinción. Saída ao campo dunha forma limpa e responsable.

### 8 de Xuño Día Mundial dos Océanos.

Este día quere mobilizar e unir á poboación mundial arredor do obxectivo dunha xestión sostible dos océanos, que son unha importante fonte de alimentos e medicamentos e unha parte esencial da biosfera.



Os océanos son de gran importancia, xa que son os responsable de facer a Terra habitable para a humanidade. É a fonte de vida e o gran regulador do clima no noso planeta.



12 de xuño  
Día  
Mundial  
Contra o  
Traballo  
Infantil

### 12 de Xuño Día Mundial Contra o Traballo infantil.

4 estratexias para acabar co traballo infantil.

- \* Redución drástica da pobreza.
- \* Acceso a unha educación relevante e de calidade.
- \* Proporcionar emprego de calidade aos adultos responsables dos nenos.

\* Rematar coas normas sociais que lexitiman o traballo infantil.

### 20 de Xuño Día Mundial dos Refuxiados.

O día mundial dos refuxiados é unha ocasión para fomentar a empatía e a comprensión pola súa difícil situación e para recoñecer súa capacidade de recuperación para reconstruír as súas vidas.





## Unhas palabras do Papa Francisco

Paz en Xerusalén



“O aumento do odio e a violencia que está asolagando varias cidades israelís é unha grave ferida na fraternidade e a convivencia pacífica entre os cidadáns.”

“Será difícil de curar se non hai unha apertura inmediata ao diálogo.”

*“Débese respectar a identidade multirrelixiosa e multicultural de Xerusalén, a Cidade Santa.”*

*“A violencia enxendra violencia, deteñan os enfrontamentos.”*

### **LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE XUÑO**

DÍA 6	LECTURA	Ex 24, 3-8	Este é o sangue da alianza que fago con vós
	EVANXEO	Mc 14, 12-16.22-26	Este é o meu corpo, esta a miña sangue
DÍA 13	LECTURA	2 Cor 5, 6-10	Anceiamos agradecerlle ao Señor
	EVANXEO	Mc 4, 26-34	O Reino de Deus é semente na terra
DÍA 20	LECTURA	2 Cor 5, 14-17	Quen estea en Cristo é unha criatura nova
	EVANXEO	Mc 4, 35-41	Porqué tedes tanto medo?
DÍA 27	LECTURA	2 Cor 8, 7.9.13-15	Trátase de que exista igualdade
	EVANXEO	Mc 5, 21-24.35-43	Non temas, abonda con que teñas fe